




**XESTUR**



Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A

**SC18-1751**

**27/12/2018**

**galicia**

O 4 de decembro de 2018, tivo entrada en Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S.A. , solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno solicitude que quedou rexistrada co número **EC 18-2384**.

A información que se solicita é:

Acceso á acta do Consello de Administración de Xestur correspondente á sesión do 28 de decembro de 2017.

O 4 de decembro de 2018 esta solicitude recibíuse en Xestión do Solo de Galicia- Xestur-S.A. data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo coa letra k) do número 1 do artigo 14 da citada Lei 19/2013 eo artigo 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un perxuízo para a garantía da confidencialidade ou o segredo requerido en procesos de toma de decisión.

Unha vez analizada a solicitude, a Xerencia considera que a divulgación da información á cal se pretende acceder supoñería un prexuízo para a materia sinalada no parágrafo precedente, xa que conforme o artigo 228.b) da Lei de Sociedades de Capital os administradores están obrigados a gardar secreto sobre as informacións, datos informes ou antecedentes aos que tiñan acceso no desempeño do seu cargo, incluso cando tiñan cesado no mesmo, salvo nos casos que a Lei o permita ou o requira. Todo elo sen perxuízo de que o interesado poida solicitar información concreta sobre un determinado asunto da sociedade (contratos, venda de parcelas, datos económicos, etc.), sen solicitar que se lle expida certificación completa de acordos do Consello ou entrega de actas do mesmo. En tales casos, os órganos de dirección da sociedade deberán ponderar tanto a obriga da sociedade de subministrar esa información, así como os posibles límites derivados, no seu caso, a protección de datos de terceiros, no caso de que esta deba prevalecer sobre o dereito ao acceso á información pública ( art. 15 a Lei 19/2013)

En consecuencia, con fundamento no disposto no artigo 14.1 letra K) e 14.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo

Xestur Galicia, S.A  
Area Central-Polígono de Fontiñas Local 25Z-1ºAndar-  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 54 19 49 ; www: xesturgalicia.com



**XESTUR**

galicia

gobierno, denégase o acceso á información pública cuxa solicitude quedou identificada no paragrafo primeiro desta resolución.

Contra a presente notificación, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado contencioso administrativo conforme á Lei 29/1998 , do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarase dende o día seguinte ao da notificación da presente .

En Santiago de Compostela, a 26 de decembro de 2018

  
Xerente



Xestur Galicia, S.A  
Area Central-Poligono de Fontiñas Local 25Z-1ºAndar-  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 54 19 49 ; www: xesturgalicia.com

Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A CIF: A70392758 Polig. Fontiñas Area Central L.25Z 1ºAndar 15707 Santiago de Compostela - Inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela. Tomo 218, Folio 73, Hoja SC-47082